

# CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, NIVEIS CELGA 2 E 4

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA RESOLUCIÓN do 7 de setembro de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 2 e 4, no ano 2018 (ED114A).

## **Persoas destinatarias:**

As persoas maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.

## **Datas de realización das probas:**

As probas do Celga 2 e do Celga 4 terán lugar entre a **segunda quincena de novembro e a primeira fin de semana de decembro de 2018**. As datas concretas serán debidamente publicitadas no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>)

As sedes e horarios de realización das probas publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes definitivas das persoas admitidas.

**O prazo** de presentación das solicitudes, así como o de pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame, será de **20 días naturais**, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo é inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

DOG:[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180914/AnuncioG0164-100918-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180914/AnuncioG0164-100918-0003_gl.pdf)